

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS NA DOCENCIA DO GRAO UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA BIOMÉDICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo, formalizaron o 02/07/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de catro anos, con posibilidade de acordar a súa prórroga por igual prazo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde co obxectivo de garantir o desenvolvemento da docencia e da formación universitarias do grao de Enxeñaría Biomédica que imparte a Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

A colaboración estará orientada á formación do alumnado nas materias "Estrutura e patoloxía médica", "Estrutura e patoloxía médico-cirúrxica", "Enxeñaría clínica e hospitalaria", "Fundamentos de tecnoloxía hospitalaria", "Prácticas de tecnoloxía hospitalaria". Esta colaboración estenderase aos "Traballos de Fin de Grao" que se realicen total ou parcialmente en colaboración co persoal da Área Sanitaria de Vigo e/ou nas súas instalacións.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Na reunión da comisión Mixta da Universidade de Vigo – Sergas celebrada o día 11 de febreiro de 2021, acordouse no punto 2º da orde do día, ao amparo da especificación quinta 9. b) do Concerto entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde publicado por Orde do 20 de decembro de 2001 (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2001), a tramitación dun Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do Grao Universitario en Enxeñaría Biomédica, como un instrumento xurídico independente do propio concerto.

Así mesmo, acordouse que para as fins do concerto entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, e de conformidade coa especificación cuarta do mesmo, considerase centro asociado ao Hospital Alvaro Cunqueiro dentro da Área Sanitaria de Vigo.

A este respecto asinouse con data 4 de marzo de 2021 un acordo de colaboración que se mantivo vixente ata o 3 de marzo de 2025, polo que ambas partes manifestan a súa conformidade en realizar un novo acordo que dea continuidade ao anterior.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal.

